

A ESCOLA DA VIDA

O abuso da inocencia

13.03.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Cando un elixe unha profesión faino polas motivacións máis diversas, pero, a bo seguro, á maioría pareceríanos ilóxico mesturar unha inclinación profesional cunha perversión persoal. Por exemplo, veríamos monstruoso que un xuíz tivese a personalidade dun sádico, que un médico fose unha persoa sanguinaria ou que un educador fose un abusador de nenos.

Por iso, ós que nos dedicamos habitualmente a mellorar as condicións de vida dos menores, os que prestamos servizo na tarefa de educar as novas xeracións da nosa sociedade e, en definitiva, os que valoramos a infancia non só polo que é senón polo que supón de xerme do futuro, espántanos e angústianos que haxa nos nosos colectivos depravados que abusan da inocencia da infancia; que ven nos nenos unicamente obxectos sexuais para a súa satisfacción.

Teño gravada na miña memoria a cara de espanto dunha colega e nai que ante unha noticia en que se denunciaba unha atrocidade sexual reflectía a súa consternación non só no seu rostro senón coas súas mans botadas cara a diante, indicando a escasa estatura e o arroupamento que se lle debe dar a un neno, e que manifestaba coas seguintes palabras: "Como a algo tan cándido, tan bo se lle pode facer tanto dano?".Esas son as expresións que levamos dentro os que amamos a infancia e a xuventude. Manifestacións de incredulidade, de impotencia, de petición de axuda para comprendermos uns feitos que escapan ao noso raciocinio.

A nosa humanidade aínda se pode atormentar máis, cando vemos que estes violadores non están lonxe, senón que están fronte a nós todos os días, corrompendo a aqueles que tratamos de axudar. O caso do educador dun centro de menores da provincia da Coruña, prófugo varias veces da Xustiza, deixoume tan impactado, que a miña primeira e instintiva reacción foi a imperativa e colérica de propor que o encerrasen. Tras unha leve reflexión, entrei en razón, e veume á memoria que hoxe se celebra o vinte aniversario do pasamento de Bruno Bettelheim, un pedagogo e psicanalista que amou a infancia, e que deixou dito na súa obra que con amala non chega, que temos que defendela e protexela de todo o que a envolve, e educa-la para que non se poidan aproveitar da súa inocencia estes diabólicos personaxes da que non só os debemos separar senón darlles o tratamento axeitado.